

**INTERPRETACIÓN DAS
FÓRMULAS XURÍDICAS
EMPREGADAS POR ÁLVARO
CUNQUEIRO NA SÚA PROSA
LITERARIA E TRADUCIÓN
PARA O FRANCÉS: *XENTE DE
AQUÍ E DE ACOLÁ***

Beatriz Vázquez Rosales

Xosé Luís Janeiro Espiñeira

doi:10.17075/mucnoc.2014.056



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

O punto de partida desta pescuda é a escolma de relatos de *Xente de aquí e de acolá* na tradución para o francés verquida baixo o título de *Galiciens Corbeaux et Parapluies*¹ por François Maspero. Con ela preténdese achegar unha análise contrastiva que pon o foco de atención na adaptación das expresións xurídicas rexistradas no orixinal *corpus* literario galego de Álvaro Cunqueiro e as dificultades derivadas da versión en francés.

Este tradutor da obra de Cunqueiro ao francés² tivo que enfrontar unha tarefa que, naturalmente, foi máis aló da reverbalización lingüística. O pouso cultural do texto orixinal ten que se reescribir nun novo código lingüístico para unha cabal recepción de lectores cunhas coordenadas culturais ben diferentes. Se ben a mudanza lingüístico-cultural é denominador común en todo proceso de tradución literaria, no caso da prosa de Cunqueiro —e, sobre todo, nas narracións curtas— a dificultade propia da tradución literaria acentúase pola fonda pegada etnográfica das súas figuracións. Non son os de Cunqueiro seres comúns, non son utópicos nin son ucrónicos. Teñen fonda raizame cultural, son dun país e dun tempo, e debe ser obxectivo capital dunha coidada tradución literaria que eses seres non perdan a súa idiosincrasia, que non deixen de ser de Cunqueiro cando se trasladan —lingüísticamente— fóra do mundo onde Cunqueiro os creou.

O propio Álvaro Cunqueiro era ben consciente dos desafíos que supón toda tradución. De feito, a tradución sempre suscitou nel un enorme interese. Nun dobre sentido, como autor traducido e como autor de traducións. Desde logo, a súa obra foi traducida a numerosas linguas e el mesmo ten traducido obras de autores estranxeiros e tamén obras da súa propia autoría. Para ese papel de tradutor, Cunqueiro desdoubrouse en ocasións baixo pseudónimos como Álvaro Labrada, Patricio Mor, Manuel María Seoane, S. Seoane, S.S. e outros. Pero, claro está, como autor ou como tradutor, con pseudónimo ou non, Cunqueiro sempre é Cunqueiro. Así e todo, mesmo cando Cunqueiro traduce a Cunqueiro, como autotradutor do galego para o español, e aínda sendo pai dos personaxes e dono das fabulacións, ten que asumir un código cultural esóxeno, aquel que vén imposto polo sistema da lingua de chegada. A crítica ten sinalado a difícil tesitura

en que a recepción sitúa ao autotradutor: «Ás veces, como acontece no libro *La otra gente*, o Cunqueiro tradutor asume o papel de intermediario facendo de ponte entre dous universos referenciais diferentes³». Dese xeito, comprenderase mellor o esforzo levado adiante por François Maspero ao ter que facer de ponte entre dous universos referenciais aínda máis distantes, o galego e o francés. Trasladar a obra de Cunqueiro, chantada nun país e nunha cultura propia, cara a un código lingüístico e cultural alleo, o francés, sen que mude a esencia orixinal, constitúe tarefa que esixe grande empeño e fidelidade na intermediación.

Lembrando a Saussure, as dificultades da tradución poden situarse principalmente en dous planos: o formal e o semántico. A expresión formal da creación literaria esixe ao tradutor uns coidados estéticos que xa son de por si un reto importante. No prefacio doutra tradución para o francés de Cunqueiro, en concreto, na tradución feita por Claude Bleton de *As crónicas do Sochantre*⁴ atopamos unha desacougante pregunta retórica formulada por Gonzalo Torrente Ballester: «Je me demande ce qu'une traduction peut conserver de sa langue simple et riche qui fourmille d'éléments visuels et possède en même temps une musicalité prodigieuse». Foi o propio Cunqueiro quen, ademais, puxo énfase na importancia da lingua, o material creativo que constitúe a razón última de toda a súa obra en galego: «As miñas invencións i as miñas maxias teñen, nembargantes, un senso máis fondo, por riba e por baixo do que eu fago. Eu quixen e quero que a fala galega durase e continuase. Porque [...] a duración da fala é a única posibilidade de que nós duremos como pobo. Eu quixen que Galicia continuase, i ó lado da patria terrenal, da patria que son a terra i os mortos, hai esta outra patria que é a fala nosa»⁵. Polo tanto, a vontade estilística da tradución literaria de Cunqueiro supón un compromiso ético, ademais de estético.

Noutro plano, o plano conceptual ou semántico, aínda que a literatura sempre é arte formal, literatura, non deixa de ter interese a análise propedéutica da obra literaria como recreación dun microcosmos no que é doado achar fontes de coñecemento sociolóxico, etnográfico e antropolóxico. Achégase desde esta beira unha análise da tradución que focaliza en especial o contido semántico do texto fonte, complementada co tratamento da tradución como comunicación centrada na comprensión e na recepción do texto. Segue esta perspectiva, en boa medida, a conceptualización formulada polo teórico Peter Newmark⁶, para quen no traballo de tradución ética e estética, comunicación e significado, van da man.

Citando a Keats: *Beauty is truth, truth beauty*. A beleza é a verdade, a verdade é beleza. A tradución para o francés dos textos de Cunqueiro esixen a erudición dun científico, a habilidade dun bo tradutor e a arte dun literato, conforme a suma da tarefa multifacética da tradución proposta por Newmark, a tradución como ciencia, a tradución como habilidade e a tradución como arte.

Nos relatos de *Xente de aquí e de acolá* atópase unha frondosa selva de termos e expresións de natureza xurídica. É neste texto literario e neste campo semántico nos que se centra esta proposta de análise contrastiva. A inserción de nocións propias da linguaxe tecnolectal xurídica, polo xeral allea ao máis convencional xénero literario de ficción, é un feito que xa merece ponderación, tanto dende unha perspectiva estética como funcional. Abraia neste eido o cumprido coñecemento que demostra Álvaro Cunqueiro desas fórmulas xurídicas que emprega con tanta profusión como acerto. Na comparación do orixinal coa tradución en lingua francesa, salienta mellor aínda esta notoria presenza, cuantitativa e cualitativa.

Cómpre termos en conta que a transposición idiomática de fórmulas tecnolectais require en moitos casos de especiais adaptacións culturais. Entran en xogo, a maior gloria do tradutor, expresións xenuínas do *modus vivendi* dun pobo —culturemas— que dan conta de nocións culturais sen doado ou sinxelo acomodo nunha estrutura semántica e pragmática de diferente contorna. Dous códigos lingüísticos —galego e francés—, e dous sistemas xurídicos —galego e francés— poderían abrir unha fenda interlingüística e intercultural que ameazase de ruína a obra de tradución entre dous textos *a quo* e *ad quem*, mais François Maspero foi quen de levantar con ciencia, habilidade e arte, por medio de *La otra gente*, unha ponte de *Xente de aquí e de acolá* a *Galiciens Corbeaux et Parapluies*.

Imos reparar en primeiro lugar nalgúns exemplos de adaptación. A realidade na que se producen os relatos de Cunqueiro non é a mesma que a dos textos da autotradución para o español e da tradución para o francés. Isto provoca a necesidade de realizar na tradución do texto orixinal adaptacións a prol da intelixibilidade da súa recepción alén das fronteiras culturais de orixe. A lingua ten recursos para poder facer unha tradución máis literal ou, máis doadamente aínda, traducións palabra por palabra. Agora ben, esa posibilidade de transvase interlingüístico non é o máis aconsellable cando por medio da transposición idiomática non se dá asemade unha transposición cultural. Daquela cómpre facer adaptación. É o caso, por exemplo, no que o *detallismo* da prosa narrativa

do fabulador Cunqueiro para en datos de interese moi local que resultan insignificantes para o lector non galego e mesmo poden ser ruído na lectura. Ese *detallismo* tan querido do realismo fantástico do noso escritor aparece en *Somoza de Leiva* cando relata: «e que pra un abogado de Lugo coma Pepe Benito, ou de Madrid como Soto Reguera, non tiña precio⁷». Nas versións española e francesa desaparecen os datos referentes aos topónimos de Lugo e de Madrid, así como os antropónimos: «para un abogado famoso» (Cunqueiro, 1975, p. 14); «et que ce chien aurait fait la fortune d'un maître du barreau» (Cunqueiro, 1992, p. 13). Desaparecen datos que poden ter significado referencial e valor nunha recepción literaria autóctona, pero que dificultan máis do que favorecen nunha lectura alóctona.

En *Mel de Vincios* conta o narrador:

Mel falaba en verso moitas veces, e días enteiros. Escribía crimes pra cegos (Cunqueiro, 1983, p. 174).

Mel parlait souvent en vers, et pendant des jours entiers. Il versifiait les faits divers (Cunqueiro, 1992, p. 36).

Reparemos en que desaparece por completo a referencia aos «crimes pra cegos». Mais non se trata só dunha simple omisión, senón que aquí o tradutor mantén a congruencia interna do relato e se primeiro di de Mel de Vincios que fala en verso, despois aponlle que versificaba «faits divers», é dicir, «sucesos». A alusión aos crimes para cegos de Cunqueiro —que se mantén literalmente na versión en castelán: «escribía crímenes para ciegos» (Cunqueiro, 1975, p. 36)—esvaécese na tradución por mor dunha falta de coincidencia nas realidades extralingüísticas referenciais de que parten Cunqueiro e Maspero. Para Álvaro Cunqueiro esta sinxela alusión a «crimes pra cegos» doadamente evoca os carteis de cego, os que trataban dos «sucesos» que di o tradutor. Deixemos que sexa Isaac Díaz Pardo quen os lembre: «Ocorrúseme recordarme dos cegos que, cuns carteis debuxados coas secuencias dos crimes que eles cantaban nas feiras dos xoves en Santa Susana, me serviron de inspiración para facer uns cantos carteis de cego⁸». Álvaro Cunqueiro habería ter en mente o cartel de cegos «Paco Pixiñas», creado por Díaz Pardo xa en 1970. Outro cartel de cegos feito tamén por Díaz Pardo titúlase precisamente «O crimen de Londres».

(Fig. 1)



sentencias» (Cunqueiro, 1975, p. 51) e na tradución francesa en «*attendus, jugements et arrêts*». Maspero fai unha explicación do significado de sentenza que no sistema xudicial francés permite diferenciar na terminoloxía xurídica conforme a resolución xudicial proveña dun xulgado ou tribunal de segunda instancia («*arrêts*») ou non («*jugements*») e, ademais, emprega o termo específico *attendus*, a parte onde se conteñen os *considerandos* da sentenza¹⁰, conforme o teor literal da autotradución de Cunqueiro.

Finalmente, un exemplo máis de adaptación imposto pola intraducible realidade extralingüística ofrécenolo o relato *Seixo de Parderrubias*. «Seixo era home de moita verba, e gostáballe de contar os pleitos, dente o comezo, cando a conciliación en Meira ou en Cospeito» (Cunqueiro, 1983, p. 226). A conciliación é unha actividade de resolución dun conflito que tenta atinxir unha transacción ou arranxo satisfactorio para as partes litigantes. A conciliación pode ter grande interese procesual, interrompe a prescrición e cando é intraprocesual e se realiza con avinza perante autoridade xudicial competente ten o valor de título executivo¹¹. Cunqueiro sábeo. Pero é pertinente tentar traducir esta enxurrada de información dun sistema xurídico cara a outro nun texto literario?

A resposta dada polo tradutor Maspero é a seguinte: «Seixo était fort bavard et il aimait raconter ses procès, qui étaient nombreux, depuis la justice de paix jusqu'à la cour d'appel de La Corogne et même la cour de cassation» (Cunqueiro, 1992, p. 107). A *conciliación* do orixinal devén en «*justice de paix*», afortunada correspondencia por razón de competencia material. Como a Seixo lle gustaba contar os preitos e era home de moita verba, suponse que os preitos remataban na «*cour d'appel*», tribunal de segunda instancia, ou mesmo na «*cour de cassation*», o que vén sendo, *mutatis mutandis*, o Tribunal Supremo do sistema xudicial español, instancia que xa empregara como equivalente Cunqueiro na súa adaptación: «Seixo era muy hablador, y le gustaba contar de sus pleitos, que fueran muchos, comenzando por la conciliación, hasta la apelación en La Coruña y en el Supremo» (Cunqueiro, 1975, p. 107).

Moitas veces a dependencia do sistema xurídico español pola falta dun modelo galego propio leva consigo tamén unha dependencia e mimetismo lingüístico. Así ocorre con castelanismos como *herencia*, *casarse* ou *picableitos*, termo este último que no galego popular equivale a «avogado das silveiras», e que no texto de chegada é traducido de dúas maneiras diferentes: «*redoutable procédurier*» no

relato *Somoza de Leiva* e «redoutable maître ès chicanes» en *Seixo de Parderrubias*. En ambos os dous casos, engádese o adxectivo *redoutable* (*temible*), que recalca a intensidade da afección dos personaxes. Agora ben, en *Somoza de Leiva* estamos a falar dunha tradución literal na que o termo *procédurier* é a exacta equivalencia do termo *a quo*, tanto no sentido de «mal avogado» como no de «persoa afeccionada a preitear», mentres que a expresión «maître ès chicanes» resulta máis irónica, se se ten en conta que *maître* (do latín *magister* «mestre») é o título que se dá en Francia aos avogados, procuradores e notarios; aínda máis, tamén é o tratamento que substitúe a «Monsieur, Madame», cando se fala dos profesionais da lei ou cando hai que dirixirse a eles. Neste senso, a partícula «ès», de uso estritamente académico, aplicable a títulos universitarios como «docteur ès lettres, licence ès sciences», unida ao substantivo *chicanes*, que é un termo pexorativo, pertencente a un rexistro lingüístico moi familiar, produce un efecto claramente paradoxal que enriquece a tradución do texto.

Por outra banda, a expresión «maître procédurier», que aparece en *Figueiras de Bouzal*, retoma partes das dúas propostas precedentes para traducir «grande pleiteante». É un magnífico exemplo de equivalente descritivo, dos moitos que ofrece esta tradución. *Procédurier*, a secas, é tamén utilizado para trasladar *xurisperito*, que carece de connotacións irónicas ou subxectivas. A instalación do tecnolecto xurídico na linguaxe popular é un reflexo do maior poder de penetración castelanizadora pola solemne posición de dominio e o respecto reverencial cara ao mundo xurídico e xudicial. Mesmo *pleito*¹², o máis abundante dos termos xurídicos recollidos neste *corpus* (10 ítems), castelanismo en vez de *preito*, non é sempre traducido da mesma maneira. Na meirande parte dos casos, aparece como *procès*, un equivalente axeitado dende un punto de vista puramente conceptual: así en *Liñas de Eirís*, *Penedo de Rúa* (4 veces), *Figueiras de Bouzal* e *Seixo de Parderrubias*. En dous relatos nos que utiliza a palabra en plural o tradutor opta por *chicane*, termo xenérico e abstracto, de uso máis popular que *procès* e que engade unha valoración negativa:

Si Somoza andaba correndo cos pleitos dalgún veciño (Cunqueiro, 1983, p. 156)

Si Somoza andaba corriendo con los pleitos de algún vecino... (Cunqueiro, 1975, p. 14)

Imaginez que Somoza ait à régler quelque chicane d'un voisin (Cunqueiro, 1992, p. 13)

Nos derradeiros anos da súa vida, Mel retiróuse da menciña e adicóuse aos pleitos (Cunqueiro, 1983, p. 174).

En los últimos años de su vida, Mel se retiró de la medicina y se dedicó a los pleitos (Cunqueiro, 1975, p. 36).

Dans les dernières années de sa vie, Mel abandonna la médecine pour se consacrer à la chicane (Cunqueiro, 1992, p. 36)

E soamente nunha ocasión Maspero se decanta polo termo *affaire*, sinónimo de *pleito* e de *proceso*, que neste contexto vén esixido estilisticamente por «de bornage», locución que completa o seu significado mediante unha transposición gramatical ao mudar unha cláusula subordinada nun complemento de nome:

[...] que andaba aconsellando aos seus contrarios nun pleito que tiña por uns derregos (Cunqueiro, 1983, pp.227-228).

[...] que andaba aconsejando a los contrarios de Seixo en uno que tenía por unos lindes (Cunqueiro, 1975, p.109).

[...] qui prodiguait justement ses conseils aux adversaires de Seixo dans une affaire de bornage (Cunqueiro, 1992, p. 108).

Abundando nos casos de diversidade de opcións para traducir un só termo, cómpre citar o castelanismo gráfico *abogado*, que se converte en *avocat* en case todos os textos¹³, tanto cando se fai referencia a un personaxe concreto: «son avocat» (*Penedo de Rúa*), «un avocat de La Corogne» (*Figueiras de Bouzal*), «un avocat de Lugo» (*Cando Penedo foi de caza*), como cando se recolle literalmente na expresión feita «d'avocat en avocat» (*Figueiras de Bouzal*). Nocións como as de *avogado*, «mestre do foro» ou «letrado experto» acadan na versión final de Maspero semellante énfase por medio da expresión «maître du barreau¹⁴».

Falando de avogados e preitos, non se pode esquecer que a *litixiosidade* derivada de cuestións de propiedade e posesión dunha terra moi esnaquizada polo minifundismo provocou a nosa xenuína desconfianza como pobo cara ao poder xudicial. Moitos refráns testemuñan esta visión popular:

O labrador entre avogados está como a sardiña entre os gatos.

De teimosos e porfiados viven os avogados.

Tamén hai proverbios franceses que recollen unha realidade pouco amable con esta profesión, aínda que non fagan referencia ao mundo dos labregos, de tan diferente condición social aos nosos:

*Il n'est bon avocat qui ne mente en plaidant
Que tu sois battu ou content, ton avocat est toujours gagnant.*

Como non podía ser doutra maneira, Cunqueiro faise eco desta desconfianza; así, en *Penedo de Rúa*, o punto de partida do relato é o receo do protagonista fronte ao seu avogado:

Non te fies do teu abogado!, díxolle dende un chanto un corvo a Penedo, quen andaba sementando.

E precisamente Penedo desconfiaba do seu abogado, que lle parecía que parrafeaba algo coa parte contraria (Cunqueiro, 1983, p. 167).

Méfie-toi de ton avocat! avait dit le corbeau, penché sur une borne, à Penedo qui était en train de semer.

Or, précisément, Penedo avait quelques doutes sur la loyauté de son avocat, qui lui semblait faire un peu trop les yeux doux à la partie adverse (Cunqueiro, 1992, p. 26).

Nótese a correspondencia da expresión idiomática «faire les yeux doux» (que é mirar a alguén con agarimo de namorado) e *parrafear*, que conta entre as súas acepcións a de «conversaren das súas cousas un mozo e unha moza, en especial de amores», manténdose con fidelidade na tradución a imaxe orixinaria. Curiosamente, esta idea desaparece da versión en castelán, xa que nela o avogado, sen máis, «tenía muchos miramientos con la parte contraria» (Cunqueiro, 1975, p. 27).

Ás veces, o tradutor suprime intervencións do narrador que podían supoñer unha valoración sobre os feitos («cousas que pasan», Cunqueiro, 1983, p. 187), ou introducir informacións que desaparecen na autotradución e na versión francesa. Menciónanse aquí algúns fragmentos que inclúen termos relacionados co mundo xurídico:

[...] entre as súas páxinas, o parecer do letrado cruñés, que era favorable. (Cunqueiro, 1983, p. 186).

[...] y un parecer de un abogado de La Coruña ... (Cunqueiro, 1975, p. 51).

[...] et glissa entre les pages la consultation de l'avocat de La Corogne. (Cunqueiro, 1992, p. 51).

Nos derradeiros anos da súa vida, Mel retiróuse da menciña e adicóuse aos pleitos. Tivo moitos e perdeu os máis. Aficionóuse a andar polos despachos dos abogados. Iba de Oscos a Ribadeo a cabalo, pasando a escura Garganta. Inventaba servidumes... (Cunqueiro, 1983, p. 174)

En los últimos años de su vida, Mel se retiró de la medicina y se dedicó a los pleitos. Tuvo muchos, y perdió los más. Inventaba servidumbres... (Cunqueiro, 1975, p. 36).

Dans les dernières années de sa vie, Mel abandonna la médecine pour se consacrer à la chicane. Il eut beaucoup de procès et les perdit presque tous. Il inventait des servitudes... (Cunqueiro, 1992, p. 36).

Neste último exemplo, os datos xeográficos son quizais o motivo da omisión, ao seren pouco relevantes para a comprensión. As traducións tentan trasladar o peculiar mundo creado por Cunqueiro conservándoo o máis posible e suprimindo todo o que poida provocar confusión no lector non galego por exceso de datos.

No relato «Figueiras de Bouzal» danse outros dous exemplos de omisión ben diferentes:

[...] recitando as sentencias contrarias que recibira ao longo da súa vida de litigante, e que as sabía de corrido. [...] Pedíulle á muller que lle metese na caixa, que era seguro que morría, un Código Civil que tiña, e que fora dun escribano de Bretoña, e un parecer dun abogado [...] (Cunqueiro, 1983, pp. 185-186)

[...] recitando considerandos de sentencias [...] le dijo a la mujer que no se alegrase, que era seguro que moría, y que le pedía que le metiese en la caja el Código civil, y un parecer de un abogado de La Coruña (Cunqueiro, 1975, p. 51).

[...] marmotter divers attendus, jugements et arrêts. [...] Il dit à sa femme qu'il savait qu'il allait mourir et lui demanda de mettre dans son cercueil le Code civil ainsi que la consultation d'un avocat [...] (Cunqueiro, 1992, pp. 50-51).

As versións española e francesa suprimen, en primeiro lugar, unha explicación que daba ao lector máis datos sobre a teima do protagonista, pero que non achegaba nada novo. Non obstante, despois pasan por alto unha alusión ao dono anterior do Código Civil que fai referencia á Bretoña, é dicir, que fai supoñer

que se trata dun Código francés; ao desaparecer esta información nas traducións, fica na versión francesa unha certa ambigüidade no tocante á fonte normativa do Código que se cita, aínda que o artigo escollido (*le Code civil*) parece indicar que se trata do francés¹⁵, co que a omisión vén sendo tamén unha tradución máis exacta do que semellaba a primeira vista.

Tamén no relato «O segredo Don José» faise desaparecer unha expresión de protesta do personaxe Delfín cando conta o seu soño ao narrador:

E chegou o Estado e levouse o caldeiro e as trébedes, e non me deixaba máis que os ósos da galiña. El hai dereito? (Cunqueiro, 1983, p. 190).

[...] cuando llegó el Estado y se llevo el caldero y las trébedes, y sólo quedaron de muestra los huesos de la gallina (Cunqueiro, 1975, p. 57).

[...] l'État arrivait et emportait le chaudron et le réchaud: il ne restait que les os de la poule (Cunqueiro, 1992, p. 57).

Por outra banda, de xeito contrario, o tradutor Cunqueiro tamén é quen de intervir de novo como creador, engadindo máis datos ao texto de partida:

Morréu Figueiras, e foise ao outro mundo co Código nun bolso da chaqueta nova... (Cunqueiro, 1983, p. 186).

Murió Figueiras, y Gumersinda cumplió su última voluntad, metiéndole el Código civil en un bolsillo de la chaqueta nueva (Cunqueiro, 1975, p. 51).

«Figueiras mort, Gumersinda exécuta ses dernières volontés, mit le Code civil dans une poche de son manteau neuf [...]» (Cunqueiro, 1992, p. 51).

Confiouse co cura de Bretoña, e iste díxolle que aínda que se atopara o tesouro que cáseque non lle valía de nada, que o Estado tiña a teima de quedarse con todo. (Cunqueiro, 1983, p. 189).

Se confió Delfín con el cura de Bretoña, quien le dijo que aunque encontrara el tesoro, que no le valdría de nada, que ahora el Estado tenía la manía de quedarse con todo, o casi todo. (Cunqueiro, 1975, p. 56).

Il se confia au curé de Bretoña qui lui dit que même s'il trouvait le trésor ça ne lui rapporterait rien, car de nos jours l'État a la manie de tout prendre pour lui, ou presque tout. (Cunqueiro, 1992, p. 56).

Neste procedemento de explanación, os novos textos reforzan, no primeiro exemplo, a importancia do personaxe de Gumersinda atribuíndolle a realización dos desexos de Figueiras, que no texto de partida se describían como feitos sen máis (sen suxeito; ou, mellor dito, sendo o suxeito o propio Figueiras, xa morto...) e achega un dato práctico, conseguindo un efecto máis realista. No segundo caso, as traducións acentúan a ironía da historia, engadindo unha opinión se cadra máis de Cunqueiro cá orixinal.

Ao tratarse dunha tradución entre linguas románicas, moi achegadas, pódese producir un fenómeno de magnetismo dun termo do texto de orixe, por proximidade fónica, formal ou gráfica, dando lugar mesmo á aparición dos chamados «falsos amigos». É o caso da palabra *interdito*, recollida na páx. 174, que corresponde a *interdicto* en castelán (Cunqueiro, 1975, p. 36) e a *interdiction* na versión francesa. A proximidade destes termos débese, sen dúbida, ao feito de teren a mesma orixe etimolóxica (lat. *interdictio*). Agora ben, no noso sistema xurídico o interdito é un xuízo posesorio de carácter sumario, con varios obxectos segundo o pedimento: interdito de adquirir, interdito de recobrar, interdito de reter, interdito de obra nova e interdito de obra ruínosa. En francés non xurídico, *interdiction* significa *prohibición*. Como termo de dereito, aparece en 1690 na expresión «*interdiction judiciaire*», que indica a acción de privar a unha persoa maior de idade da libre disposición e administración dos seus bens, así como o conxunto das medidas de protección tomadas a prol dela. Polo tanto, *interdiction* corresponde a outra realidade diferente, o que no noso sistema xudicial se coñece como incapacitación, non *interdito*. A realidade xurídica equivalente ao termo galego é a «*action possessoire*» (con tres tipos segundo o obxecto: *l'action en complainte*, *la dénonciation de nouvel oeuvre* e *l'action en réintégration*). É posible, pois, falar neste caso de tradución inexacta, feita desta maneira probablemente por mor do achegamento formal das palabras en xogo ou para evitar os termos franceses, excesivamente longos e técnicos, máis que por descoñecemento da realidade xurídica.

Tamén é moi interesante o emprego deste termo *interdito* no contexto seguinte:

Grande pleiteante, soñador de interditos, pasou toda a vida de abogado en abogado. (Cunqueiro, 1983, p. 185).

Gran pleiteante, soñador de interdictos, pasó toda a vida de abogado en abogado. (Cunqueiro, 1975, p. 51).

Maitre procédurier, ne rêvant que d'interdictions et de sommations, il avait passé sa vie d'avocat en avocat. (Cunqueiro, 1992, p. 50).

Trátase neste caso dun vocábulo (*sommation*) engadido ao texto orixinario que leva consigo unha acumulación de voces xurídicas e reforza a evocación do mundo dos preitos no que se move o personaxe. De feito, a *sommation* é un requirimento, acto xudicial polo que se obriga a alguén a facer ou deixar de facer algo, pero nun senso máis técnico significa «citación xudicial», xeralmente coa forma de carta certificada. A técnica de transposición empregada polo tradutor, na que o substantivo *soñador* cambia de categoría gramatical e convértese no verbo *rêver*, leva consigo a esixencia estilística dun complemento múltiple, producindo o efecto de acumulación terminolóxica.

Neste mesmo ámbito do dereito, non podía faltar no retrato social do mundo galego que pinta Cunqueiro a alusións ás herdanzas. O castelanismo *herencia* aparece directamente traducido para o francés polo termo *héritage* en dúas ocasións:

Pontes, que se chamaba Manuel, volvéu da Arxentina por mor dunha herencia [...] Pontes nunca se repuxo do golpe, iso que o Adolfo desapareceu e non tivo que soltarlle a parte que lle tocaba na herencia. (Cunqueiro, 1983, p. 159).

Pontes, que se llamaba Manuel, regresó a su aldea desde la Argentina a causa de una herencia [...] Pontes nunca se repuso del golpe, aunque al desaparecer Adolfo, tras comunicarle el suceso de la boda, se quedó con la parte de la herencia que le correspondía a su hermano. (Cunqueiro, 1975, p. 16).

Pontes, qui se prénomait Manuel, était revenu de son exil argentin pour un héritage [...] Pontes ne s'en était jamais remis, même si en disparaissant, son coup fait, Adolfo l'avait laissé à la tête de la totalité de leur héritage. (Cunqueiro, 1992, p. 15-16).

A voz *héritage* fai referencia ao patrimonio (formado por dereitos, bens e as accións xudiciais que levan consigo) deixado por unha persoa tras o seu falecemento e transmitido por sucesión. Agora ben, en francés existe outro termo, moi semellante a este, e mesmo emparentado con el etimoloxicamente, que é *hérédité*; designa a calidade de herdeiro ou o dereito de adquirir unha herdanza,

e utilízase na expresión «accepter/refuser l'hérité». O tradutor decántase polo termo concreto *héritage*, máis suxeito á realidade do patrimonio, os bens materiais, que aos dereitos abstractos (*hérédité*) que aquel leva consigo.

Noutro caso aparece *legs* como equivalente a *herencia*:

Inventaba servidumes, herencias... (Cunqueiro, 1983, p. 174).

Inventaba servidumbres, herencias... (Cunqueiro, 1975, p. 36).

Il inventait des servitudes, des legs... (Cunqueiro, 1992, p. 36).

Aparentemente, hai aquí un cambio de significado, xa que o *legs* equivale dende un punto de vista estritamente xurídico a *legado*, é dicir, a unha disposición a título gratuito feita nun testamento. Pero nun sentido máis amplo, que é o interpretado polo tradutor, pode significar tamén *herdanza*. Trátase, pois, dunha sinécdoque, figura estilística na que a parte substitúe ao todo, e que aquí podería considerarse como un procedemento de equivalencia funcional.

Semellante ao que acontece con *herencia* é o que se pode observar na tradución do concepto de *servidume*:

[...] con quen tivera un pleito por unha servidume de carro, e perdérao... (Cunqueiro, 1983, p. 165).

[...] con quien el señor Ramón tuviera un pleito por una servidumbre de carro, y lo perdiera... (Cunqueiro, 1975, p. 24).

[...] avec qui M. Ramón avait eu, à propos de certain droit de passage, un procès qu'il avait perdu. (Cunqueiro, 1992, p. 24).

Trátase dunha versión literal estrita, semántica e xuridicamente, na primeira ocasión en que aparece. A servidume, que consiste dun dereito real que limita o dominio dun predio a prol das necesidades doutro que pertence a outra persoa¹⁶, pode ser de varios tipos, sendo un deles a servidume de paso. Nela obrígase ao propietario dun predio a deixar pasar por el ao propietario do predio veciño. Está regulada extensamente polo dereito civil de Galicia¹⁷; en Francia é o Code civil o que regula, dentro das «servitudes ou services fonciers», a servidume en xeral, e o «droit de passage», que é xustamente o termo escollido para traducir a expresión «servidume de carro¹⁸». Aquí a propiedade no uso da linguaxe literaria de Cunqueiro reflicte unha realidade que se adianta á regulación feita polo

lexislador galego, e que tamén é descoñecida polo dereito civil francés, o que obriga ao tradutor a recorrer a unha adaptación que emprega unha expresión xenérica no canto do termo específico.

Unha opción para traducir textos de linguas achegadas pode ser o afastamento, escollendo precisamente os termos máis afastados da fonte orixinaria para evitar a literalidade e a aparición dos «falsos amigos». É o caso de «sentencias contrarias» (Cunqueiro, 1983, p. 185), «considerandos de sentencias» na versión castelá (Cunqueiro, 1975, p. 51), que corresponde a «attendus, jugements et arrêts» (Cunqueiro, 1992, p. 50) xa comentado con anterioridade. O tradutor fai neste caso unha adaptación na que opta por unha serie de voces xurídicas que recollen en parte o significado do castelanismo *sentencia*.

Na nosa realidade, tamén hai que ter moi en conta a Galicia emigrante, onde non son poucos os casos nos que hai que acudir a unha figura xurídica, a actuación «por poderes», que permite facer negocios xurídicos sen a presenza física da persoa que exerce un dereito. Cunqueiro conta en *Pontes de Meirado* un caso de matrimonio por poderes:

[...] e mandoulle poderes a seu irmán Adolfo para que se casase con ela no seu nome, pro ao Adolfo gustoulle a moza, tirou os poderes á barredura, e casouse el mesmo coa calabresa. (Cunqueiro, 1983, p. 159).

[...] le mandó poderes a su hermano Adolfo para que se casase con ella en su nombre [...] Pero a Adolfo [...] le gustó la novia de su hermano, tiró los poderes en la bolsa de la basura, y se casó él mismo con la calabresa (Cunqueiro, 1975, p. 16).

[...] il n'avait rien eu de plus pressé que d'envoyer à son frère Adolfo les papiers nécessaires pour l'épouser par procuration [...] Mais Adolfo [...] avait trouvé la fiancée de son frère à son goût, mis la procuration au panier et marié la Calabraise pour de bon. (Cunqueiro, 1992, p. 16).

A *procuration* en francés designa ao mesmo tempo o poder (facultade que unha persoa dá a outra para que obre no seu nome) e o documento da autorización; *pouvoir* é sinónimo de *procuration*, pero se o negocio xurídico que se fai é o matrimonio a expresión adoita ser «épouser/se marier par procuration», recollida nesta versión. Esta voz *procuration* está emparentada etimoloxicamente con outro termo que tamén aparece na tradución obxecto deste estudio : «le procureur», que

equivale ao fiscal (Cunqueiro, 1983, p. 174; Cunqueiro, 1975, p. 36), tal como recolle a versión francesa. É interesante o feito de que o sistema xudicial galego (tamén o español) se refira ao Ministerio público con esta palabra, *fiscal*¹⁹, referida orixinariamente ao sistema impositivo (sentido que segue a ter hoxendía), en tanto que na meirande parte dos países da nosa contorna se utilizan os derivados de *procurator*, e así temos *procurador* en Portugal, *procuratore* en Italia e *procureur* en Francia, Suíza e Bélxica²⁰. Noutroira, o termo *procureur* en francés designaba a persoa encargada de representar a outra perante os tribunais²¹.

Da análise comparativa entre o texto orixinal e as traducións dedúcese que non sempre se manteñen con equivalencia expresións con interese xurídico. Ás veces, as novas versións neutralízanas, e noutros casos pasa xustamente o contrario. O relato «O segredo don José» amosa un procedemento no que a omisión da voz xurídica presente no texto de partida («ate nun xuício») se equilibra coa introdución doutro termo, tamén xurídico, no parágrafo seguinte das traducións («en un xuício», «devant un tribunal»), acadándose así unha compensación na descrición.

Que o xastre era pequeno, podía probarse ate nun xuício, que non sorpasaba a mesa a súa cabeza. A herba cobríalle os pes, pro Delfín tiña unha memoria de que lle pareceron patas de cabra, aínda que non se atrevese a xuralo. (Cunqueiro, 1983, p. 189).

Que el sastre era pequeno, se probaba porque su cabeza apenas sobrepasaba el alto de la mesa. La hierba le cubría los pies, pero Delfín, aunque no podría jurarlo en un juicio, recordaba que el sastre tenía unas patas como de cabra (Cunqueiro, 1975, p. 55).

Le tailleur était petit, cela ne faisait pas de doute, puisque sa tête dépassait à peine la hauteur de la table. L'herbe lui cachait les pieds, mais Delfin croyait se rappeler, encore qu'il n'eût pu le jurer devant un tribunal, qu'il avait des pattes de chèvre. (Cunqueiro, 1992, p. 55).

A esixencia dun coñecemento especializado da linguaxe xurídica no eido da creación literaria queda ben acreditado polo Cunqueiro tradutor e autotradutor e tamén por Maspero, quen ten que botar man axeitadamente de múltiples técnicas de tradución. Entre outras, e cando é preciso, o recurso ao cambio de categoría gramatical: a transposición. Acontece en casos como «soñador de interditos» (Cunqueiro, 1983 p. 185), «foi de testigo» (íd., p. 213), «un

picapleitos que andaba aconsellando aos seus contrarios nun pleito...» (íd., p. 227-228), que se converten mediante transposición, respectivamente, en «ne rêvant que d'interdictions et de sommations» (Cunqueiro, 1992, p. 50), «il était allé témoigner» (íd., p. 88) e «un redoutable maître ès chicanes, qui prodiguait justement ses conseils aux adversaires de Seixo dans une affaire...» (íd., p. 108). Nos dous primeiros casos, os substantivos *soñador* e *testigo*, tamén presentes na autotradución (Cunqueiro, 1975, pp. 51 e 87), adoptan a forma dos verbos *rêver* e *témoigner*, e no último exemplo a solución é a oposta, xa que o verbo *aconsellar* (*aconsejando*, Cunqueiro, 1975, p. 109) trócase en nome (*conseil*). As necesidades do texto esixen unha ou outra solución conforme os casos.

Ao tratárense, en suma, de dúas realidades xurídico-políticas tan desiguais nas que se desenvolveron os procesos de creación e de tradución da obra, atópanse nocións xurídicas verdadeiramente intraducibles. Non se pode pasar por alto neste sentido a incorporación do termo orixinal galego *foro* dentro da versión francesa, recollido como préstamo tras reaxustar e adaptar o texto de Cunqueiro do xeito seguinte:

[...] envolvéuno nun xornal que traguía as bases para a codificación do Dereito Foral Galego. (Cunqueiro, 1983, p. 187).

[...] lo envolvió en un periódico que, en la página tercera, precisamente, traía las bases para la codificación del Derecho foral gallego. (Cunqueiro, 1975, p. 53).

[...] elle l'a enseveli dans un journal qui contenait justement, en page trois, un article traitant de l'harmonisation du droit communal et des foros galiciens. (Cunqueiro, 1992, p. 53).

Agora ben, o Dereito Foral de Galicia, hoxe recollido na Lei de Dereito Civil citada anteriormente, é unha cousa e o «droit communal» é outra ben diferente. O adxectivo francés *communal* remite a *commune*, que significa concello; normalmente refírese a normas de ámbito local, e como tal dereito positivo en Francia está recollido no «Code des communes». Este código regula basicamente a organización e o persoal ao servizo dos concellos, con disposicións aplicables a todos os concellos franceses e con disposicións particulares para certas *communes*. En Bélxica e mais en Suíza tamén hai «droit communal» neste senso puramente administrativo. Non ten nada que ver, pois, co Dereito foral galego,

que recolle normas particulares de uso do país en materia civil (dereitos reais, contratos, sucesións e outros). Isto significa que a realidade xurídica galega non ten equivalencia exacta neste eido. Pero a tradución, así e todo, acada a súa meta, pois co préstamo *foro* traslada sen dúbida ao lector francés ao singular mundo das leis propias de Galicia, que é do que se trata.

Cunqueiro nos seus relatos emprega unha linguaxe sinxela, precisa, que recolle a realidade sen excesivos adobíos. Ás veces, é moi complicado manter este trazo estilístico cando se trata de actuacións xudiciais que teñen pouco ou nada que ver co sistema legal francés. Poñamos como mostra estes parágrafos:

Mel foi a Oviedo cando se celebróu o xuicio oral, e a xente aplaúdiuno na Audiencia. Pasóu catro días en Oviedo, convidado pola acusación privada. (Cunqueiro, 1983, p. 174).

Mel fue a Oviedo cuando se celebró el juicio oral, y la gente lo aplaudió en la audiencia. Pasó cuatro días en la capital de Asturias, invitado por la acusación privada. (Cunqueiro, 1975, p. 36).

Mel se rendit à Oviedo pour le procès et fut ovationné par le public du tribunal. Il passa quatre jours dans la capitale des Asturies aux frais de la partie civile. (Cunqueiro, 1992, p. 36).

[...] cando vía ben, gracias a unhas gafas que lle recetara Gasalla en Lugo unha vez que foi de testigo a un xuicio oral... (Cunqueiro, 1983, p. 212-213).

[...] cuando veía bien, gracias a unas gafas que comprara en Lugo de segunda mano, yendo de testigo a un juicio oral... (Cunqueiro, 1975, p. 87).

[...] du temps où il y voyait bien, grâce à des lunettes achetées à Lugo un jour qu'il était allé témoigner devant le juge de paix... (Cunqueiro, 1992, p. 88).

[...] estaba no xuzgado percurando a nulidade do testamento. (Cunqueiro, 1983, p. 185).

[...] tenía en el juzgado una demanda, intentando la nulidad del testamento. (Cunqueiro, 1975, p. 51).

[...] il venait de déposer en justice une requête en nullité du testament. (Cunqueiro, 1992, p. 50).

Nos mesmos textos que nos ocupan, contamos con dous casos nos que Cunqueiro fala directamente do concreto, do lugar onde suceden os feitos, «na Audiencia» e «no xuzgado», indo sen máis ao práctico, aos datos materiais. Na tradución, pola contra, empréganse solucións que fan referencia ás accións realizadas nestes sitios, co que implicitamente se mantén o dato e se achega tamén algo máis. Así: «fut ovationné par le public du tribunal» e «il venait de déposer en justice une requête».

O traballo de tradución agocha, sen dúbida, numerosas horas de formación e documentación que pasan desapercibidas ao lector común. Reparemos noutro exemplo de uso de expresións técnico-xurídicas que non son doadamente traducibles e que esixen un estudo demorado nunha tradución coidada. O xuízo oral é no noso sistema unha fase do proceso na que, perante o xuíz ou tribunal, se practican as probas solicitadas polas partes, e admitidas, e que constituirán a base probatoria da resolución xudicial. No primeiro dos textos franceses, substitúese a parte polo todo converténdoa en *procès*, xa que no sistema galo a estrutura do proceso é diferente, e así, o *Code de Procédure civile* regula a fase equivalente ao xuízo oral co nome xenérico de «administration judiciaire de la preuve», sen máis. E, no segundo dos textos, tamén se podería dicir que a parte deixa o seu sitio á totalidade nun senso máis laxo, xa que os «juges de paix» franceses constituían unha instancia que coñecía de asuntos, de carácter civil preferentemente, de pouca entidade²².

Por outra banda, a acusación privada, exercitada polo ofendido nos delitos que só poden perseguirse a instancia de parte, como a inxuria ou a calumnia, non se corresponde exactamente coa «partie civile», que en Francia é todo aquel que se considere danado por un delito e que se constitúe como parte coa finalidade de obter unha reparación pola vía civil, ao mesmo tempo que se desenvolve o proceso penal. Neste caso, faise unha tradución de equivalencia funcional partindo de dous sistemas xurídico-procesuais diferentes.

Reparemos, por último, nun exemplo que supón un desafío para a translación dunha referencia cultural especializada nunha tradución de prosa literaria:

[...] non me deu tempo a decirlle, no soño, onde tiña que ir a buscar-me o Medina e Marañón, que o percisaba pra unha consulta... (Cunqueiro, 1983, p. 228).

[...] No me dio tiempo a decirle [...] y que tenía que ir a leerme un artículo y unas sentencias en el Medina y Marañón, que precisaba ese texto par unas consultas... (Cunqueiro, 1975, p. 109).

[...] Je n'ai pas eu le temps de lui dire [...] qu'i devait me lire dans le Medina y Marañón un article et plusieurs jugements dont je dois avoir connaissance avant de donner ma consultation. (Cunqueiro, 1992, p. 109).

O Medina e Marañón é un libro que durante máis de sesenta anos foi o texto de referencia no Dereito español. Os seus autores (León Medina e Manuel Marañón) coescribiron unha serie de famosos compendios de lexislación²³. Trátase, pois, dun manual ben coñecido por todos os xuristas e mesmo moitos preiteantes da época, pero naturalmente ignorado fóra. Maspero acerta mantendo esta referencia bibliográfica, española e especializada, porque a mención dos autores do libro achega datos abondos que permiten suxerir ao lector, francés e profano na materia, que se ha tratar dun libro (*lire, article*) de autoridade relativo ao Dereito (*jugements*). Deste xeito, o detallismo narrativo de Cunqueiro non sofre mingua.

* * *

En Mondoñedo, no San Xohán (*sic*) de 1971, Álvaro Cunqueiro asina un texto que se incorpora á edición de *Xente de aquí e de acolá* como un elocuente limiar que leva por título «Carta que o autor mandou ao Dr. Domingo García-Sabell cando ordeaba iste libro». Nesa carta-prefacio fai Cunqueiro, entre outras reflexións de interese, unha declaración de intencións co seguinte teor literal: «Eu quero saber si el hai moita diferenza entre o vivo e o pintado, ou máis craro aínda: si estes de meu son ou non son galegos, e que é o que predicán do galego, si é que son dista nación». Con similitudencia, Cunqueiro repite na súa autotradución esta mesma retórica. Pola contra, desta volta o tradutor francófono, quizais afastado dun máis que necesario sentimento de empatía, arrédase da perspectiva galega do autor mindoniense e achega unha tradución que neutraliza a concepción identitaria do orixinal. «Je veux savoir s'il y a de grandes différences entre la vie et la peinture, je veux savoir si mes personnages sont vraiment galiciens et, dans ce cas, ce qu'ils nous apprennent de la Galice». Onde o autor e autotradutor dixo e repetiu *nación*, o tradutor só di *Galice*. Sen máis comentarios.

NOTAS

- 1 A edición manexada é a seguinte: Á. Cunqueiro: *Galiciens Corbeau et parapluies*, Arles, Actes Sud, 1992. Este título da versión en francés alude a dúas historias: *Penedo de Rúa* e *O paraugas Xacinto*. O tradutor Maspéro manexou a edición en español de «La otra gente»; nestas páxinas, as referencias á tradución en español teñen como fonte a edición publicada por Destino, Barcelona, 1975.
- 2 Escritor e tradutor francés, creador da editorial que leva o seu nome, cunha longa traxectoria profesional. Ten traducido do español, do inglés ou do italiano. Entre outras, recentemente publicou traducións de Ruiz Zafón e Joseph Conrad.
- 3 R. Rodríguez Vega: «O galeguismo como préstamo léxico nas autotraducións ó castelán de Álvaro Cunqueiro», en *Ensinar e pensar con liberdade e risco. Homenatge a Basilio Losada*, Barcelona, Publicacions de la Universitat de Barcelona, 2000, pp. 628-629.
- 4 Á. Cunqueiro: *Les chroniques du sous-chantre*, Arles, Actes Sud, 1992.
- 5 Do discurso pronunciado por Cunqueiro o 26 de abril de 1980 na homenaxe que se lle tributa en Vigo con motivo da publicación do volume I da súa *Obra completa* e a inauguración dunha rúa que leva o seu nome.
- 6 P. Newmark: *Manual de traducción*, tradución española de Virgilio Moya, Madrid, Cátedra, 1995.
- 7 Á. Cunqueiro: *Obra en galego completa*. Tomo III *Semblanzas*. Vigo, Galaxia, 1983, p. 156.
- 8 Alusión aos carteis de cegos de Isaac Díaz Pardo en «Os fracasos polo medio», publicado no catálogo da exposición «Isaac Díaz Pardo. Pinturas e fracasos», Santiago, Xunta de Galicia, 2011.
- 9 Os castelanismos xurídicos (*pleiteante, abogado, herencia...*) presentes nestes relatos de Cunqueiro son consecuencia lóxica da hexemonía esmagadora que ten daquela o castelán como lingua de instalación no eido da Xustiza.
- 10 Vid. S. Parra Galiano: «La terminología como herramienta en la didáctica de la traducción jurídica (francés-español): el campo terminológico-conceptual de las resoluciones judiciales», en Gallardo Salvador (director), *Terminología y traducción: un bosquejo de su evolución*. Granada, Atrio, 2003, pp. 277-291. Nesta comunicación, a autora clasifica as resolucións xudiciais francesas segundo a competencia e o tipo de órgano xurisdiccional (unipersoal ou colexiado) que a dita, diferenciando así *ordonnance (auto ou sentenza)*, *jugement* («sentenza de órgano colexiado») e *arrêt* («sentenza de órgano colexiado superior»).
- 11 O «acte de conciliation» regúlase nos arts. 127-131 do Code de Procédure Civile francés; trátase dunha figura diferente da conciliación do noso sistema xudicial. En certos litixios de orde civil, o xuíz pode designar un *conciliateur* ou *médiateur*, persoa encargada de atopar unha solución amistosa ao caso; o acto no que se fai este nomeamento chámase «procédure de conciliation». No ámbito penal, utilízase o termo «médiation pénale», e aplícase a infraccións leves como contenciosos, roubos de pouca entidade e sen violencia, danos menores, inxurias ou calumnias... Require a iniciativa do Ministerio Fiscal.
- 12 A orixe da voz *preito* é o antigo provenzal *plait* (S. XI) «asemblea reunida para deliberar, fazer justiça; xulgamento, causa». Curiosamente, aínda que a lingua francesa mantén o termo *plaid*, da mesma orixe que *pleito*, como sinónimo de *procès*, non aparece en ningún caso *plaid* na tradución dos relatos de Cunqueiro feita por Maspéro.
- 13 Tamén aparece dúas veces a voz culta *letrado*, que coñece dúas traducións distintas: «letrado cruñés» (Cunqueiro, 1983, p. 186) e «letrado coruñés» (Cunqueiro, 1975, p. 51) convértense en «avocat de La Corogne» (Cunqueiro, 1992, p. 51) mentres que «discutir cos letrados» (Cunqueiro,

- 1983, pp. 174-175) e «discutir con los letrados» (Cunqueiro, 1975, p. 36) correspóndense con «ergoter avec des hommes de la loi» (Cunqueiro, 1992, p. 36). O tradutor é fiel ao significado do concepto acudindo a termos non idénticos pero que reflicten a mesma realidade.
- 14 O termo *barreau* designa en principio o espazo, noutrora pechado cunha barreira, que está reservado ao banco dos avogados nos tribunais. Pero tamén pode significar «foro, tribuna», *avogacia* ou «Colexio de avogados».
- 15 Chamado indistintamente «Code civil» ou «Code Napoléon», quen encargou a súa elaboración para poñer fin ao réxime feudal, del dixo o escritor Stendhal: «en composant la Chartreuse, pour prendre le ton, je lisais chaque matin deux ou trois pages du Code civil». Dito polo mesmo Napoleón: «Ma vraie gloire n'est pas d'avoir gagné quarante batailles; Waterloo effacera le souvenir de tant de victoires. Ce que rien n'effacera, ce qui vivra éternellement, c'est mon Code civil».
- 16 O art. 530 do Código Civil español fai esta definición: «A servidume é un gravame imposto sobre un inmovible en beneficio doutro pertencente a distinto dono. O inmovible a favor do cal está constituída a servidume chámase predio dominante e o que a sofre, predio servente».
- 17 Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia (DOG 29 de xuño de 2006), arts. 82-94.
- 18 No *Code* civil suízo si se recolle o «droit de passage à char», que debe ter a extensión sinalada pola lexislación do cantón e o uso do lugar («l'étendue que leur assignent la législation cantonale et l'usage des lieux»). A expresión «servidume de carro», ausente da citada Lei galega, figura tamén na Compilación do Dereito Consuetudinario Asturiano, onde a «servidumbre de paso con carro, con tractor y con multicultor» ten un ancho determinado (de 2,50 a 5 metros, «salvo costumbre del lugar», según el art. 167).
- 19 Palabra que provén do latín *fuscus* «cesto para gardar os cartos».
- 20 Nótese as diferentes opcións dos países americanos: en México e Arxentina o representante do Ministerio Público adoita chamarse procurador, mentres que en Chile e Colombia é fiscal. Para máis reviravoltas, na República Dominicana chámasele procurador fiscal. En Perú diferénciase o fiscal do Estado, que é o acusador público no ámbito penal, e o procurador do Estado, quen actúa nas demais xurisdicións.
- 21 A escisión entre as profesións de procurador e a de avogado (este encargado da defensa, aquel da representación), remonta ao século xv. Os *avoués* (palabra que ten a mesma orixe que *avocat*) ou procuradores son instituídos nunha lei de 1791 para substituír aos *procureurs*, pasando este último termo a designar o representante do Ministerio Público. En Bélxica, foi suprimida a profesión de *avoué* en 1968; no ano 1981 fusionáronse en Francia os *avoués* que actuaban ante xulgados de primeira instancia cos avogados; e a lei francesa núm. 2011-94, do 25 de xaneiro de 2011, prevé a supresión da profesión de *avoué* nos demais tribunais a partir do día 1 de xaneiro de 2012.
- 22 Estes xulgados desapareceron en 1958, sendo parte das súas funcións asumidas polos xulgados «de proximité» creados en 2002.
- 23 «Leyes Civiles de España», «Leyes Sociales de España», «Leyes Penales de España», «Leyes Sociales de España», «Leyes Administrativas de España» e «Leyes de Hacienda de España», publicados en edicións que van de 1902 até 1964, moito despois da morte dos autores.

